

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Contos da tradición oral de Galicia

O raposo e o lobo [AT-15: The Theft of Food by Playing Godfather]

Estaban cavando nunha roza o raposo e mailo lobo, e o raposo, como era tan astuto, roubou unha ola de mel. E tíñana pra almorzar. E díxolle [o raposo]:

Mira, temos este almorzo.

Bueno, pois está ben.

Pero chegou a hora de almorzar e dixo o raposo:

Eu tou invitado a ir a un bautizo.

Pois vai.

Si, pero tu é mellor que te deites un pouco mentres tanto.

Bueno.

Vaise o raposo, foi comer un cacho de mel á ola e o lobo durmindo. De alí a un pedazo o raposo:

Tiña que ir eu a outro bautizo.

Casi o comeu todo. E veu. Cando chegou díxolle o lobo:

¿E como lle puñeche?

Empezo, ho; un nombre moi guapo.

Entonces de alí a un pouco dixo:

Pois ahora vou cavar.

Pois vai.

- Pois eu teño que volver facer outro bautizo.
- Ai, ho, non tardes moito, que cavo eu todo solo.
- Bueno, pois logo veño.

Marchou. Volveu e díxolle:

- ¿Como lle puñeches?.
- Púxenlle Mediado.

Bueno, seguiron outras vías e díxolle o raposo:

- Pero, téñoche que volver a facer outro.
- Bueno, home, bueno. ¡Teño que cava-la roza solo!
- Logo veño.
- Vaite logo.

E veu e dixo o lobo:

- ¿Como lle puñeche, ho?
- Púxenlle Rematado.

Bueno, conque chegou e dixo o raposo:

- Bueno, pois agora o que nos é mellor é ir comere.
- Pois vamos logo comer.
- Chegaron alí e díxolle o raposo:
- ¡Ai, e tu comiche o mel mentres que eu fun face-los bautizos!
- ¡Ai, eu ó mel non lle topei!
- ¡Ai, pois fuche tu, porque aquí outra alma non veu! ¡ Mentres que fun face-los bautizos, tu comiche o mel!
- ¡Eu non comín o mel! ¡Houbeche ser tu!
- ¡Eu non!
- Pois mira, vámosche facer unha aposta: vamos durmir co cu arriba; o que lle sude o cu, comeu o mel.

Vaise e o raposo en vez de durmir tivo á expectativa e o lobo púxose a durmir, roncaba coma un toliño. E en seguida vaise e méxalle polo cu. De alí a un pouco vaise o raposo:

- ¡Oi, ho, levántate! ¡Logo, comiche o mel, eh! ¡Mira como che suda o cu!

Recompiladores: Equipo Chaira (M^a Ofelia Carnero, Xoán R. Cuba, Mercedes Salvador e Antonio Reigosa)

Informante: Francisco Pérez (70 anos) e Elvira Portela (63 anos).

Lugar e data de recollida: O Carballo, Abeledo. Novembro de 1992.

Proxecto: Transcrición extraída do Inventario de lendas, contos e outras manifestacións da

literatura oral do concello de Abadín□. Campaña 1992-1993.
